DEPUTACIÓN DE LUGO

**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE OITO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. Mª. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Daniel García Fernández

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **oito de marzo de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores Deputados D. Iván Castro Díaz e D. Carlos López López.


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 1/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día un de marzo de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓNE DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS. LOTES 1 A 24.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de servizos para o desbroce de maleza en estradas provinciais, Lotes 1 ao 24, anualidade 2024 e 2025, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WHSJTKFUS7CHO4E4XGQBH6E
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7WGKX3DQ53VROS2BPR4QYPOU
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WHSJTHZ7KSWMZ6Q6UC5XEOA
4. Informe do servizo de Vías e Obras xustificando a urxencia da contratación, con CSV: IV7WGLHSDH5ZVNH5CN7UKZQQ54
5. Informe de persoal con dereito a subrogación, con CSV: oEB+xtx+h71p1RDBMLY6bQ==
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WHSX3NP4NLSJ6SPYUA3YRKI
7. Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7WHQCS3VBDJHR5W3WWAV3BIQ
8. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 2/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

**1º.-** Declarar a urxencia do expediente para a contratación por lotes dos servizos para o desbroce de maleza en estradas provinciais.Lotes 1 ao 24. Anualidade 2024 e 2025. 2024/CON_02/000008, polas razóns de interese público que se recollen no informe con CSV: IV7WGLHSDH5ZVNH5CN7UKZQQ54

**2º.-** Aprobar a contratación do sevizos para o desbroce de maleza en estradas provinciais. Lotes 1 ao 24. Anualidade 2024 e 2025, cunha duración de dous anos prorrogable por outro ano, e cun prazo de execución de dous meses e medio contados a partir da sinatura da acta de inicio de cada anualidade, nos termos recollidos na cláusula 2.4 do PPT, que terá lugar entre maio e setembro de cada anualidade; coa seguinte división por lotes:

| Lote | Termo municipal |
|---|---|
| 1 | Vicedo, Viveiro, Xove e Ourol |
| 2 | Burela, Cervo, Foz, Valadouro e Alfoz |
| 3 | Muras, Xermade e Vilalba |
| 4 | Barreiros, Ribadeo, Trabada e Lourenzá |
| 5 | Mondoñedo e Abadín |
| 6 | Pontenova, Riotorto e Pastoriza |
| 7 | Cospeito, Rábade, Outeiro de Rei, Guitiriz e Begonte |
| 8 | Castro de Rei, Pol e Meira |
| 9 | Lugo e Guntín |
| 10 | Castroverde e Corgo |
| 11 | Friol |
| 12 | Baleira, Baralla e Láncara |
| 13 | Ribeira de Piquín e Fonsagrada |
| 14 | Negueira de Muñíz e Navia de Suarna |
| 15 | Becerreá e As Nogais |
| 16 | Cervantes e Pedrafita do Cebreiro |
| 17 | Antas de Ulla, Monterroso, Portomarín e Palas de Rei |
| 18 | Páramo, Paradela e Sarria |
| 19 | Incio, Triacastela e Samos |
| 20 | Taboada e O Saviñao |
| 21 | Chantada e Carballedo |
| 22 | Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil |
| 23 | Bóveda, Pobra do Brollón e Monforte |
| 24 | Pantón e Sober |


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 3/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

**3º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

**4º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP.

**5º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 3.071.570,40 euros. O orzamento base de licitación inclúe 533.082,47 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 2.538.487,93 euros de base, e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

| Nº Lote | Orzamento sen ive (€) | IVA (21%) (€) | Orzamento Base de Licitación (€) | Anualidade 2024 (€) | Anualidade 2025 (€) |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 143.371,86 | 30.108,09 | 173.479,95 | 86.739,98 | 86.739,97 |
| 2 | 114.614,33 | 24.069,01 | 138.683,34 | 69.341,67 | 69.341,67 |
| 3 | 143.727,33 | 30.182,74 | 173.910,07 | 86.955,03 | 86.955,04 |


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 4/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 4 | 91.948,14 | 19.309,11 | 111.257,25 | 55.628,62 | 55.628,63 |
| 5 | 73.565,74 | 15.448,80 | 89.014,54 | 44.507,27 | 44.507,27 |
| 6 | 126.435,46 | 26.551,45 | 152.986,91 | 76.493,45 | 76.493,46 |
| 7 | 112.216,37 | 23.565,44 | 135.781,81 | 67.890,90 | 67.890,91 |
| 8 | 99.298,69 | 20.852,73 | 120.151,42 | 60.075,71 | 60.075,71 |
| 9 | 104.739,29 | 21.995,25 | 126.734,54 | 63.367,27 | 63.367,27 |
| 10 | 95.695,71 | 20.096,10 | 115.791,81 | 57.895,90 | 57.895,91 |
| 11 | 75.770,91 | 15.911,89 | 91.682,80 | 45.841,40 | 45.841,40 |
| 12 | 95.617,38 | 20.079,66 | 115.697,04 | 57.848,52 | 57.848,52 |
| 13 | 105.878,03 | 22.234,38 | 128.112,41 | 64.056,20 | 64.056,21 |
| 14 | 93.707,45 | 19.678,56 | 113.386,01 | 56.693,01 | 56.693,00 |
| 15 | 80.506,59 | 16.906,38 | 97.412,97 | 48.706,49 | 48.706,48 |
| 16 | 121.609,40 | 25.537,98 | 147.147,38 | 73.573,69 | 73.573,69 |
| 17 | 113.957,60 | 23.931,10 | 137.888,70 | 68.944,35 | 68.944,35 |
| 18 | 99.702,36 | 20.937,50 | 120.639,86 | 60.319,93 | 60.319,93 |
| 19 | 76.005,88 | 15.961,23 | 91.967,11 | 45.983,56 | 45.983,55 |
| 20 | 105.841,88 | 22.226,79 | 128.068,67 | 64.034,34 | 64.034,33 |
| 21 | 122.627,64 | 25.751,80 | 148.379,44 | 74.189,72 | 74.189,72 |
| 22 | 119.494,62 | 25.093,87 | 144.588,49 | 72.294,25 | 72.294,24 |
| 23 | 115.692,82 | 24.295,49 | 139.988,31 | 69.994,16 | 69.994,15 |
| 24 | 106.462,46 | 22.357,11 | 128.819,57 | 64.409,78 | 64.409,79 |
| | | TOTAL | 3.071.570,40 | 1.535.785,20 | 1.535.785,20 |

*Anualidade 2024: 1.535.785,20 € RC: 22024/5643*
*Anualidade 2025: 1.535.785,20 € RC:220249/70*
*Aplicación Orzamentaria: 4530.210 (Estradas, Reparacións, mantemento e conservación, Infraestrutura e bens naturais)*

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 4530.210 do orzamento de gastos do 2024, pola cantidade de 1.535.785,20 euros.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade

financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 a cantidade indicada de 1.535.785,20 euros, na aplicación sinalada.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL ELÉCTRICO PARA A SECCIÓN DE MANTEMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de diverso maerial eléctrico para a Sección de Mantemento da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7W277CLUBMLFML3R4A4ECRIY
- Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7WESBPB3R7577KCVQ5GBIX6M
- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WFWYSAAV35OBLCUWU64KFI4
- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WGKXDKD445BECU4OUBZZSOQ
- Informe xurídico asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7WGLCSNM7PL6PCUZ6XEN3VGA
- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WGO3JBPUTTK4PCUYMB5CEAI

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 6/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

**1º.-** Aprobar a contratación da subministración de diverso maerial eléctrico para a Sección de Mantemento da Deputación Provincial de Lugo.

**2º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como os criterios que se recollen para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado "sumario", dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 25.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.250,00 €, o que fai un total de 30.250,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase con cargo á aplicación 9200 212, dos exercicios 2024 e 2025, segundo consta no informe de consignación da Intervención.

O importe total do contrato ascende a 30.250,00 euros, IVE incluído, e fínanciase conforme as seguintes anualidades:

Ano 2024: 29.040,00 € RC: 22024/3788
Ano 2025: 1.210,00 € RC:220249/65

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade

financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 a cantidade indicada na aplicación sinalada".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON OBRAS DE EMERXENCIA.**

***1º.-*** *Proposta en relación co orzamento definitivo remitido polo director técnico da obra de emerxencia de RIBAS DE SIL.- Restitución de sostemento da estrada LU-P-5303, no p.k. 5+200.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans-, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

*"Vista a documentación técnica descritiva remitida en data 26/02/2024 polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, planos, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:*

*Primeiro.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 24/11/2023 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, adoptouse acordo (CSV: IV7WWTZSHAXTRVOTUVISAH7G44) declarando a emerxencia e encomendando a execución da obra á mercantil EXCAVACIONES GONI SL, no orzamento estimado de 85.040,76€, IVE incluído.*

*Segundo.- O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: "Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación ... indicando ademais: "En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos".*

*Terceiro.- Pola dirección técnica con data 26/02/2024, trasladase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descritiva da execución da obra indicada.*

*No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por "cuenta justificativa", refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.*

*Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 24/11/2023, no apartado terceiro do acordo di que "As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada ( Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal , o total resultante da suma dos produto das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaránse un 5% en concepto de percepeción económica para o empresario ao que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)"; figurando así na valoración definitiva das obras.*

*Cuarto.- O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala "... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, "realizarase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual donde figure o prezo concertado."*
*A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 63.984,69€, dos cales 11.104,78€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade.*

*E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito".*

Polo anteriormente exposto, unha vez fiscalizado de conformidade, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia indicada, que ascende a cantidade de 63.984,69€, dos cales 11.104,78€ corresponden ao IVE.

**2º.-** Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, EXCAVACIONES GONI SL, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente".


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 9/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***2º.-*** *Proposta en relación co orzamento definitivo remitido polo director técnico da obra de emerxencia de O CORGO.- Substitución da obra de drenaxe transversal na LU-P-1611 no p.k. 12.450.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans-, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

*"Vista a documentación técnica descritiva remitida en data 28/02/2024 polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, planos, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:*

*Primeiro.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 17/11/2023 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, adoptouse acordo (CSV: IV7WUD2YFE5JRPHT4EQQMY3XC4) declarando a emerxencia e encomendando a execución da obra á mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, no orzamento estimado de 82.627,37€, IVE incluído.*

*Segundo.- O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: "Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación ... indicando ademais: "En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos".*

*Terceiro.- Pola dirección técnica con data 28/02/2024, trasladase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descritiva da execución da obra indicada.*

*No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por "cuenta justificativa", refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.*


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 10/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

*Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 17/11/2023, no apartado terceiro do acordo di que "As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada ( Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal , o total resultante da suma dos produto das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaránse un 5% en concepto de percepeción económica para o empresario ao que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)"; figurando así na valoración definitiva das obras.*

*Cuarto. O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala "... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, "realizarase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual donde figure o prezo concertado."*

*A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 79.411,68€, dos cales 13.782,19€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade.*

*E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito".*

Polo anteriormente exposto, unha vez fiscalizado de conformidade, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia indicada, que ascende a cantidade de 79.411,68€, dos cales 13.782,19€ corresponden ao IVE.

**2º.-** Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, GRUPO BASCUAS 2008 SL, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 11/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

## 5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE OBRA.

*Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: MONFORTE DE LEMOS-BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 "Ribas Pequenas (LU-652)-Aspera (LU-546)-Fiolleda-O Empalme (LU-617)", p.k 8+319 a 10+709.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29/02/2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

***"(...)***

*Antecedentes.*

1. *Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7PGC37HFBD5LPYSBHD4NDEOE* [1]
2. *Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas con CSV: IV7PFWPKJNFNXVMY4HXREVPVOA*
3. *Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7PG7CKJUXMQS6PZUXQ6EIECY*
4. *Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7PHTZPFPZ7UTMT4MQQF77R54*
5. *Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7PHTZM3IG7VWZI2ZACMDRT6Y*
6. *Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7PHXAYZ4U5XC7KRUVNKNC6GI*
7. *Acordo da Xunta de Goberno, de data 17/11/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7WU2ICZQBKWT4CAQGU4QPDEU así como correción de erro aprobada pola Xunta de Goberno de data 12/12/2023 con CSV: IV7WQ7Y4DIM2IT45QYNX6MKBOY*
8. *Publicación, o día 17/11/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).*

---

[1] Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 12/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

9. *Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.*
10. *Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 15/12/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7WQLBPNJOLZGBT6YIFD5RDIA, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.*
    *Unha vez abertos os arquivos relativos a "oferta técnica" remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.*

11. *Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7WY3ZKPQH5JVG7455G4TXXM4, reunida en acto público con data 26/01/2024, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:*

| ***EMPRESA*** | ***PUNTOS*** |
|---|---|
| *FEVISA VÍAS Y OBRAS SL* | *11,33* |
| *FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL* | *13,00* |
| *GRUPO BASCUAS 2008 SL* | *10,83* |
| *OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL* | *10,83* |
| *OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU* | *9,33* |

*Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:*

***MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME LU-P-0901 "RIBAS PEQUENAS (LU-652) – ASPERA (LU-546) – FIOLLEDA – O EMPALME (LU-617)", P.K. 8+319 A 10+709***

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)*** | ***132.693,09*** | | |
| ***VALOR ESTIMADO*** | ***109.663,71*** | ***23.029,38*** | ***IVE. PARTIDA INDEPEND*** |
| ***CLASIFICACION EXIGIDA:*** | | | |
| ***PRAZO DE EXECUCION:*** | ***3 MESES*** | | ***MAX 2.193,27 €*** |

| | ***EMPRESAS / (GRUPO)*** | ***DOC "A"*** | ***OBJETIVOS (80)*** | | | | ***CRITERIO DESEMPATE*** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | ***PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) (60)*** | ***MELLORAS (...) (10) cuneta*** | ***AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)*** | ***PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)*** | ***Plantel / Discapacitados*** |
| *1* | *FEVISA VÍAS Y OBRAS SL* | | *118.580,00 €* | *50,00* | *SI* | *300,00* | *12/0* |
| *2* | *FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL* | | *118.332,00 €* | *15,50* | *SI* | *2.193,27* | *232/4* |
| *3* | *GRUPO BASCUAS 2008 SL* | | *119.185,00 €* | *30,00* | *SI* | *200,00* | *108/3* |
| *4* | *OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL* | | *128.088,64 €* | *0,00* | *NO* | *0,00* | *2/0* |
| *5* | *OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU* | | *125.222,90 €* | *0,00* | *SI* | *0,00* | *58/1* |

*Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de*


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 13/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

*Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:*

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | OBXECTIVOS (80) | | | | | | | | XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20) | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO (60) | | MELLORAS (... ) (10) | | AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5) | | PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5) | | MEMORIA TÉCNICA (20) | |
| | | | OFERTA (INCLUÍDO IVA) | | CUNETA REVASABLE REVESTIDA | | SI /NO | | MAXIMO 2% V.E. | 2.193,27 € | SEGUNDO INFORME TÉCNICO | |
| | | | | PTOS | UNIDADES | PTOS | SI/NO | PTOS | IMPORTE | PTOS | PTOS | |
| 1 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 118.580,00 € | 58,96 | 50,00 | 10,00 | SI | 5,00 | 300,00 | 0,68 | 11,33 | **85,97** |
| 2 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 118.332,00 € | 60,00 | 15,50 | 3,10 | SI | 5,00 | 2.193,27 | 5,00 | 13,00 | **86,10** |
| 3 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 119.185,00 € | 56,44 | 30,00 | 6,00 | SI | 5,00 | 200,00 | 0,46 | 10,83 | **78,73** |
| 4 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL | | 128.088,64 € | 19,24 | 0,00 | 0,00 | NO | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 10,83 | **30,07** |
| 5 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 125.222,90 € | 31,21 | 0,00 | 0,00 | SI | 5,00 | 0,00 | 0,00 | 9,33 | **45,54** |

*De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:*

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | **Oferta** |
| 1 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 118.580,00 € |
| 2 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 118.332,00 € |
| 3 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 119.185,00 € |
| 4 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL | | 128.088,64 € |
| 5 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 125.222,90 € |

*MEDIA*
*121.881,71*

*BAIXA DESPROPORCIONADA*
*109.693,54*

*Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:*

a) *Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:*

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 86,10 |
| 2 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 85,97 |


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 14/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 78,73 |
| 4 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 45,54 |
| 5 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL | | 30,07 |

b) *Requirir á mercantil FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL, para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 4.889,75 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.*

12. *Por resolución da Presidencia de data 31/01/2024, con CSV: IV7WYOB4FZE3ZFBCUIU563YPCA, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 01/02/2024, rematando o prazo de presentación o día 16/02/2024. A mercantil FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL, presentou a documentación requirida o 09/02/2024 a través da plataforma de contratos do sector público.*

*Reunida a Mesa o día de hoxe, 29/02/2024, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa*



| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 15/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

*cualificación, compróbase que a empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.*

*Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada / da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda prpoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:*

1. *Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada Monforte de Lemos – Bóveda.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 "Ribas Pequenas (LU-652) –Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)", P.K. 8+319 A 10+709 nos termos seguintes:*
    a. *Prezo de 118.332,00 €, dos cales 20.536,96€ corresponden ao IVE (21%).*
    b. *Melloras de obra consistentes en 15,50 m de aumento de lonxitude de cuneta rebasable revestida de formigón, coas características indicadas no PCAP.*
    c. *Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.*
    d. *Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.193,27€ mais IVE.*
    e. *Prazo de execución de 1,50 meses (3 meses previsto nos pregos coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, 1,50 meses)*

   *O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.*

*Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.*

2. *Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.*
3. *Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.*
4. *Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.*
5. *Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".*

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME LU-P-0901 "RIBAS PEQUENAS (LU-652) – ASPERA (LU-546) – FIOLLEDA – O EMPALME (LU-617)", P.K. 8+319 A 10+709 nos termos seguintes:

a. Prezo de 118.332,00 €, dos cales 20.536,96€ corresponden ao IVE (21%).
b. Melloras de obra consistentes en 15,50 m de aumento de lonxitude de cuneta rebasable revestida de formigón, coas características indicadas no PCAP.
c. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
d. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.193,27€ mais IVE.
e. Prazo de execución de 1,50 meses (3 meses previsto nos pregos coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, 1,50 meses)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 17/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**5º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"O obxecto da presente proposta refirese á validación do gasto da factura que seguidamente se indica, en relación coa omisión de fiscalización de obrigas fóra de contrato, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

| ACREEDOR | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CANTEIRA DO PENEDO,S.A. | B..1098 | 31/12/23 | 1.602,72 € | Subm.ÁRIDOS para o P.Móbil. 2024/FAC-01/000535 | SUBM. | Decembro 2023 | 9201.210 92024/1846 |
| | TOTAL | | 1.602,72 € | | | | |

TOTAL 1.602,72 €

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento

Visto/s informe/s de Intervención

Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 28 de febreiro de 2024 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 1.602,72 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propoñendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 1.602,72 €:

| ACREEDOR | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 19/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CANTEIRA DO PENEDO,S.A. | B..1098 | 31/12/23 | 1.602,72 € | Subm.ÁRIDOS para o P.Móbil. 2024/FAC-01/000535 | SUBM. | Decembro 2023 | 9201.210 92024/1846 |
| | TOTAL | | 1.602,72 € | | | | |

TOTAL 1.602,72 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA OBRA CORRESPONDENTE Ó EXPEDIENTE SUBDOT-2023/031, DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO "PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS", ANO 2023.**

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, a teor do seguinte texto:

"Resultando que por acordo da Xunta de Goberno, en sesión celebrada 5 de maio de 2023, foron aprobadas as bases que rexerán a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios. Ano 2023.

As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da Provincia de Lugo nº 107 de 11 de maio de 2023.

Con data 6 de xuño de 2023 a Asociación de veciños Lourido Virgen de la Piedad solicitou unha axuda dentro "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023", tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/031 e sendo a finalidade destinada para a mellora dun camiño veciñal dunha lonxitude de 400 m. e ancho medio de pavimentación de 4 m. con dobre tratamento superficial con emulsión asfáltica.
Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023".

- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/031, correspondente á Asociación de veciños Lourido Virgen de la Piedad concedéndolle unha subvención por importe de 5.985,00 €, tendo un orzamento total presentado da actuación de 6.300,00 €.
- No último apartado da base 10 do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, indícase que “non se admiten modificacións de actuación que impliquen cambios na valoración da concesión da subvención”.
- E na base 14 “Modificación da resolución de concesión”, en ningún caso a execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, polo que se debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivo para os cales se lle concedeu a axuda.
- Con data día 20 de febreiro de 2024, a Asociación de veciños Lourido Virgen de la Piedad, solicita a modificación da obra, dado que a oferta solicitada a unha empresa para a realización das obras de acondicionamento do camiño veciñal de Lourido ascende a 36.421,00 €, polo que non poden asumila. A modificación que propoñen supón o cambio de materiais do firme de mezcla asfáltica a zahorra compactada.
- Segundo as base 10 “Criterios de valoración”, no punto A.3 “Actuacións en vías públicas”, indícanse os materiais en orde ascendente de calidades que sirve de base para a valoración das actuacións presentadas, polo que modificar os materiais de mezcla asfáltica a zahorra supón unha perda de calidades e consecuentemente cambios na puntuación da valoración obtida.

Con data 22 de febreiro de 2024, o Enxeñeiro T. Agrícola do Servizo de Cooperación e Proxectos, emite informe desfavorable a autorización da mencionada modificación, debido a que os cambios efectuados non cumpren coas condicións da concesión, a finalidade e os obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda, dado que se reducen as calidades o que implica cambios na valoración da concesión da subvención.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:
Desestimación da solicitude de modificación da obra correspondente ó expediente SUBDOT-2023/031, Asociación de veciños Lourido Virgen de la Piedad (Riotorto)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2024.**

Tras ver a proposta do Vicepresidente, a teor do seguinte texto:

"Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo co fin de promover e difundir o deporte nas súas distintas disciplinas, sendo consciente das dificultades que teñen que afrontar os e as deportistas lucenses de modalidades individuais, para progresaren na súa formación integral e para articular a súa participación dentro dese espazo deportivo e como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva de competición e de implicación do/da deportista, na perspectiva desa actividade como fórmula de extensión do benestar social.

Á vista que de acordo ao previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións desta Excma. Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023-2025) (actualización para o ano 2024, ANEXO I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 12 de xaneiro de 2024), e busca promover ente outros obxectivos específicos:

> *1) Promover e fomentar a participación das entidades deportivas da provincia nas distintas competicións das súas respectivas disciplinas e modalidades.*
> *4) Fomentar o deporte autóctono e tradicional, o deporte recreativo e o dedicado a saúde. Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.*
> *5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, a loita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.*
> *6) Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.*


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 22/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

*12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.*
*13) Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.*
*14) Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.*
*17) Á promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.*
*20) Á promoción e formación deportiva, con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saudable e deporte autóctono e tradicional.*
*22) Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.*

Visto o informe do servizo de Deportes
Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral
Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais 2024.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe total de noventa e nove mil novecentos cincuenta euros (99.950,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481 do orzamento da anualidade 2024, segundo se recolle no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, e dentro da Liña 12.1 Deportes da Área funcional de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

**3º.-** Aprobar os modelos de anexos de solicitude desta convocatoria".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA "XUNT@ POLO SERÁN 2024".**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a teor do seguinte texto:


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 23/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

“ Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas que: ***“(…)***A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á ciudadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituido polos bens mobles, inmobles, as manifestacións inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

- A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Os municipios rurais da nosa provincia están afastados das ofertas culturais do medio urbano. Ademáis, a especial distribución territorial dos núcleos de poboación- en unidades territoriais dispersas- fai que os seus moradores teñan un acceso limitado ás actividades de carácter cultural e de lecer; circunstancias éstas que están tamén vencelladas a outra moi singular como é a da dispersión poboacional da nosa provincia na que dominan os pequenos núcleos poboacionais dispersos que comprometen e dificultan o acceso a unha programación cultural variada para o


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 24/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

conxunto de moradores dun hábitat con pirámides demográficas regresivas por mor da atomización do crecemento demográfico actual.

Conscientes da realidade social, cultural, territorial e xeográfica, o Servizo de Cultura da Deputación de Lugo, formula o desenvolvemento de actividades de participación festiva colectiva que podan ofrecer alternativas educacionais e culturais, tanto no ámbito rural coma no urbano co obxecto de intentar xerar un proxecto comunitario, colaborativo e participativo, que sexa capaz de poñer en valor a cultura, a lingua galega, a creatividade, a ilusión e a ensoñación do colectivo social a través de actividades musicais, recreativas, artísticas e culturais como pilares fundamentais para construír unha relación interveciñal e intercomunitaria activas. Con este tipo de programacións, de maneira natural, estimúlase o sentido de identificación e pertenza individual e colectiva pola súa xeración de sinerxias de interacción co entorno social, permitindo igualmente que, as comunidades e os individuos accedan a variadas programacións que, normalmente, non atopan no seu propio medio xeográfico. Polo tanto, a cultura pasa a ser un fundamento de cohesión social e desenvolvemento sustentable.

Con este tipo de iniciativas de natureza cultural non só pretende levar e espallar o lecer a todos os recunchos da provincia, senon que tamén se potencian os elementos de cohesión social e territorial que permiten loitar contra os atrancos do acceso á cultura e a tradición cultural: democracia cultural.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha o programa XUNT@S POLO SERÁN para a promoción, a divulgación e mailo fomento das actividades culturais.

- Xunt@s polo serán é un programa de natureza cultural e festiva, onde música, danza, maxia, circo e obradoiros se mesturan, facendo da cultura, unha festa –entendida dende o punto de vista antropolóxico e etnográfico-, como un día especial co que romper coas actividades cotiás.

O redor da música, da danza, da maxia, do circo,... conseguirase que, a lingua e a reinterpretación (se fose o caso) da tradición creen lazos e unan esforzos en prol da participación, da colaboración e da integración social nunha festa chea espectáculo cultural propio..

Esta variada programación irá dirixida tanto ao público miúdo como a poboación en xeral, da man dos Concellos, entidades asociativas culturais e centros de ensino de



| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 25/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

toda a provincia, convertendo a Xunt@s polo serán nunha liña programática propia fundamentada no artigo 9.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, onde a lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros son unha parte fundamental dos grupos e dos individuos como elemento e referencia de pertenza.

O período de execución deste programa irá dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2024.

- De igual xeito, este programa materializarase – en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda. O orzamento total para a súa materialización será de 375.000,00 €, desglosados do seguinte xeito:
- Para asumir o caché das actividades/actuacións deste Programa: 328.125,00 €
- Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual: 46.875,00 €

  Dentro deste programa, a tipoloxía e natureza das actividades a programar serán:

| |
|---|
| Actividades musicais infantís |
| Actividades circenses |
| Obradoiros infantís |
| Actividades de maxia |
| Actividades de danza |
| Actuacións de música folk, música pop-rock, música clásica, música electrónica, música tradicional (non acústica) e charangas |

O obxecto desta variada programación festiva é a de enriquecer o tempo de ocio e lecer, así como contribuír ao enriquecemento da programación cultural dos Concellos, das entidades asociativas culturais e tamén a programación de lecer socieducativa dos centros de ensino de toda a provincia de Lugo.
Xunt@s polo serán pretende coa súa rica programación, fomentar o enriquecemento cultural e maila participación en festivais, programas culturais, xuntanzas, homenaxes e outros actos festivos e/ou culturais do medio urbano e rural de toda a provincia de Lugo co obxecto de:

- Incentivar a produción e o consumo cultural


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 26/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

- Impulsar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.
- Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando a democratización cultural aos concellos da Provincia, aos Centros de ensino e ás entidades asociativas culturais.
- Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.
- Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.
- Contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivación da actividade económica cultural.
- Complementar a programación cultura e artística que por parte dos concellos, dos centros de ensino e das entidades asociativas culturais se ven desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo).

Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre concellos veciños; a complementar a programación artística e cultural dos concellos, das entidades asociaciativas culturais e dos centros de ensino; á difusión da programación deste Programa a todos os recunchos da xeografía provincial, poñendo especial fincapé en levar as distintas actividades do mesmo  a aqueles espazos territoriais máis precisados dunha programación cultural.

* As actuacións (en interior e/ou exterior) poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a distribución da mesma e á necesidade de complementar a programación cultural xa organizada nos concellos, centros de ensino e entidades asociativas culturais de toda a provincia.

Por esta razón, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar o movemento económico das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural, así como pola reactivación da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación,


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 27/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

atendendo sempre ás necesidades e demandas dos potenciais clientes culturais do noso territorio provincial.

* OBRIGAS/COMPROMISOS DAS PARTES:

1.- Consideracións a ter en conta por parte dos colectivos /individuos actuantes do programa Xunt@s polo Serán, 2024:

a) Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
b) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actuación concedida, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
c) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas sinalados pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura).
d) Expedir as facturas legais correspondentes ao 100% do custe das actuacións realizadas e contratadas á Deputación de Lugo (servizo de Cultura), sempre que se acredite a realización satisfactoria da mesma.
e) Utilizar o idioma galego nas presentacións das actuacións.
f) Os colectivos e individuos contratados neste Programa terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, cumprimento dos protocolos de seguridade para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.
g) Non poderán participar colectivos onde todos os seus compoñentes sexan menores de idade. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade, a persoa responsable do colectivo actuante, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos colectivos actuantes que formen parte deste Programa

h) Aboar- se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquer outro gasto que puidese derivarse., etc...).


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 28/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

i) Declarar que son coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual, ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.
j) Para o caso de actuacións /traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.
k) Presentar unha memoria da actividade con sipnose e obxectivos a acadar, así como un curriculum do colectivo /individuo actuante.

2.- Consideracións a ter en conta por parte dos interesados neste Programa:

a) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas no Programa.
b) Expedirlle ao colectivo/individuo actuante unha acreditación da materialización satisfactoria da actividade efectuada.
c) Non se poderá facer ningunha modificación na actuación (data/hora ou grupo asignado) sen autorización expresa da Deputación, polo que se xurde calquera tipo de inconvinte deberán poñerse en contacto co servizo de Cultura:

    - Teléfonos de contacto: 982 260916/ 982 260256
    - e-mails de contacto: cultura@deputacionlugo.gal
      cruz.culturaedeporte@deputacionlugo.org.

d) En ningún caso, os interesados das actuacións deste Programa elixirán ao colectivo/individuo actuante.
e) Velar polo correcto desenvolvemento da actividade concedida, responsabilizándose do cumprimento da normativa legal que sexa de aplicación para este tipo de actividades e/ da hixiénico- sanitaria vixente (se fose o caso), eximíndose a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
f) Incluir na cartelaría anunciante da actividade o logotipo da Área de Cultura da Deputación de Lugo

3.- Consideracións a ter en conta por parte da Deputación de Lugo (servizo de Cultura):

a) Aboar o caché da actividade contratada e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actuación de forma satisfactoria
b) Solucionar canto inconvinte puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.
c) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das actuacións de acordo coa fundamentación do Programa.
d) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa (…)".

Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o Programa Xunt@s polo Serán para a anualidade 2024.

Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón -se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o Programa Xunt@s polo Serán para a anualidade 2024, por importe de 375.000,00 €, desglosados do seguinte xeito:

- Para asumir o caché das actividades/actuacións deste Programa: 328.125,00 €
- Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual: 46.875,00 €".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA RENUNCIA ÁS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA**

**EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2023.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica celebrada o día 13 de decembro de 2023 onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 289, do día 19 de decembro de 2023, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura e a proposta da señora Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

| N.º EXPEDIENTE | ENTIDADE | CIF | IMPORTE SUBVENCIÓN | DENOMINACIÓN ACTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 2023_CCP_01_000861 | ASOCIACIÓN OLLO | G10743433 | 1.177,00€ | ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO |

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO: "VINTE ALMAS. MARUJA MALLO".**

Logo de ver a proposta da Deputada delegada de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado "Vinte Almas. Maruja Mallo"; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é coordinador Eduardo Valiña, na cantidade de vinte e un euros (21,00 €) de cuxo

importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de vinte euros con dezanove céntimos de euro (20,19 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO "A DEVOCIÓN POPULAR NOS SANTUARIOS LUCENSES".**

Logo de ver a proposta da Deputada delegada de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado "A devoción popular nos santuarios lucenses" de Xose Manuel Blanco Prado, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor Xosé Manuel Blanco Prado, na cantidade de dezanove euros (19,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de dezaoito euros e vinte e sete céntimos (18,27 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDADE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A TURISMO, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

Logo de ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 32/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

"As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha (1) praza de Técnico/a Turismo da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionaria de carreira a: Dona Silvia Fernández Vila, para ocupar a praza número I89, denominada Técnico/a Turismo, escala administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Turismo Entrada número 1038, vinculado á citada praza".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN PARA CUBRIR, EN PROPIEDADE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DÚAS PRAZAS DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

Logo de ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, (2) prazas de Maquinista-Condutor/a, cota xeral, grupo C- SubgrupoC2, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 -taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Jesús Santaeufemia de la Fuente, para ocupar a praza número 3161, denominada Maquinista-Condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022- taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro-, adxudicándolle o posto de traballo denominado Maquinista-Condutor/a Entrada número 351, vinculado á citada praza.

Don Francisco Javier Doral Gómez, para ocupar a praza número 3336, denominada Maquinista-Condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 -taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28

de decembro-, adxudicándolle o posto de traballo denominado Maquinista-Condutor/a Entrada número 1469, vinculado á citada praza".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- CONTA E CUMPRIMENTO DE SENTENZA Nº 179/2023 NO PA 26/2023.**

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto que no Procedemento Abreviado 26/2023 seguido a instancia de D. Luis Varela Mazón *"contra la desestimación por silencio administrativo de la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, de la reclamación patrimonial antes mencionada, por la cantidad de 963,78 euros, importe de los daños sufridos en el vehículo matricula 8200-BLF…"*, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº179/2023, de data 29 de setembro, cuxo fallo é o seguinte:

> *"Que debo ESTIMAR y ESTIMO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. LUIS ANTONIO VARELA MAZÓN frente a la EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO seguido ante este Juzgado como PROCESO ABREVIADO número 26/2023, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la declaro contraria a Derecho, por lo que la anulo; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar al demandante en la suma de 963,78 euros, más los intereses legales devengados desde el 8 de agosto de 2022."*

Vista, asemade, a Dilixencia de Ordenación de data 18 de xaneiro de 2024 na que, entre outras cuestións, acorda declarar a firmeza da Sentenza.

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida – e visto que esta Deputación Provincial ten contratado un seguro de responsabilidade civil xeral no que se indica que a franquía máxima aplicable por sinistro será de 300 euros, a indemnización á que resulta condenada

esta entidade consistirá na cantidade antes indicada, correspondendo o resto á compañía aseguradora – e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade antes indicada en concepto de franquía, comunicada polo Servizo de Intervención ,  á Xunta de Goberno proponse:

**1º .-** Darse por enterada da devandita Sentenza nº179/2023, de 29 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 26/2023.

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza

**3º.-** Os importe a abonar en concepto de franquía é de 300 euros, ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- CONTA E CUMPRIMENTO DE DECRETOS DITADOS POLA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO T.S.X. DE GALICIA EN RECURSO DE CASACIÓN AUTONÓMICO 7034/2023.**

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Vista a Sentenza nº151/2022, de data 22 de abril, ditada pola Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia no Procedemento Ordinario 7274/2020 e 7043/2021 (acumulados) seguido a instancia desta entidade *"contra el acuerdo del Xurado de Expropiación de Galicia de 12.03.20, que fijó el justiprecio de la finca denominada "Redondelo", que les expropió por ministerio de la ley a doña María Luisa Rodríguez Viador, doña María José Lamela Rodríguez, don Manuel Luis Lamela Rodríguez y doña Estefanía Penélope Lamela Rodríguez, y por la representante procesal de éstos, contra el acuerdo de ese órgano colegiado de 19.11.20, que desestimó el recurso de reposición que formularon frente al acuerdo de justiprecio".*

Visto o fallo da devandita Sentenza no que se sinala o seguinte:

> *"Desestimar el recurso de contencioso-administrativo interpuesto por la representante procesal de la Diputación Provincial de Lugo, contra el acuerdo del*


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 36/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

*Xurado de Expropiación de Galicia de 12.03.20, que fijó el justiprecio de la finca denominada "Redondelo", que les expropió por ministerio de la ley a doña María Luisa Rodríguez Viador, doña María José Lamela Rodríguez, don Manuel Luis Lamela Rodríguez y doña Estefanía Penélope Lamela Rodríguez, así como el interpuesto por la representante procesal de éstos contra el acuerdo de ese órgano colegiado de 19.11.20, que desestimó elrecurso de reposición que formularon frente al acuerdo de justiprecio; en consecuencia, confirmamos ambos acuerdos y les imponemos a ambas partes vencidas el pago de las costas causadas al departamento autonómico, hasta un máximo de 1.200,00 euros a cargo de cada una de ellas."*

Visto que, fronte á devandita Sentenza, a Deputación presentou escrito de preparación de recurso de casación autonómico e escrito de preparación de recurso de casación estatal.

Vista a Providencia de data 8 de xuño de 2022 da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia na que se acorda a suspensión da tramitación do recurso de casación autonómico mentres non se resolva sobre o recurso de casación estatal, e visto que este xa foi resolto por medio de Providencia de data 11 de xaneiro da da Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo na que acorda a inadmisión a trámite do dito recurso de casación estatal nº4861/2022 preparado pola Deputación, con imposición de custas á parte recorrente (custas que xa foron tramitadas e abonadas por esta entidade).

Visto que - no que se refire ao recurso de casación autonómico interposto pola Deputación fronte á dita Sentenza - a Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia ditou Auto en data 16 de maio de 2023 cuxa parte dispositiva é a seguinte:

*"La Sección Especial de Casación Autonómica acuerda:*

*1º)Inadmitir el recurso de casación preparado por la Procuradora Sra. Fernández Rodríguez en nombre y representación de la Diputación Provincial de*

*Lugo, contra la Sentencia de fecha 22/04/2.022, dictada en los recursos acumulados números 7274/2.020 y 7043/2.021, por la Sección 3ª de la Sala de lo Contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.*

*2º)Imponer las costas procesales a la recurrente, con el límite de 600 € por todos los conceptos."*

Vistos, por último, os seguintes Decretos da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia:

- Decreto de data 1 de setembro de 2023 ditado pola dita Sección no Rrecurso de casación autonómico 7034/2023 no que acorda aprobar a taxación de custas practicada neste recurso a instancia do Procurador Dª María Luisa Lamela Rodríguez en nome e representación de María Luisa Rodríguez VIador, Estefanía Penálope Lamela Rodríguez, María José Lamela Rodríguez, María Luisa Lamela Rodríguez, Manuel Luis Lamela Rodríguez, por importe de 300,00 euros, a cuxo pago foi condenada a parte recorrente Deputación Provincial de Lugo.

- Decreto de data 24 de novembro de 2023 ditado pola mesma Sección no devandito recurso no que se acorda aprobar a taxación de custas practicada neste recurso a instancia do letrado da Xunta de Galicia, en nome e representación do Xurado de Expropiación de Galicia, por importe de 300,00 euros, a cuxo pago foi condenada a parte recorrente, Deputación Provincial de Lugo.

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento ás devanditas resolucíóns, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida - tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade antes indicada en concepto de custas, comunicada polo Servizo de Intervención - á Xunta de Goberno proponse:

**1º.-** Darse por enterada dos devanditos Decretos da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia de datas 1 de setembro de 2023 e de 24 de novembro de 2023 respectivamente que aproban a taxación de custas practicada no citado procedemento.

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento dos devanditos Decretos da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia de datas 1 de setembro de 2023 e de 24 de novembro de 2023.

**3º.-** Os importes a abonar en concepto de custas son os seguintes:

a) Por un lado, o importe de 300 euros a favor de María Luisa Rodríguez Viador, Estefanía Penélope Lamela Rodríguez, María José Lamela Rodríguez, María Luisa Lamela Rodríguez, Manuel Luis Lamela Rodríguez e o ingreso deberá facerse na conta conta indicada no devandito Decreto de data 1 de setembro de 2023 da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia.

b) E, por outro lado, o importe de 300 euros a favor do Xurado de Expropiación de Galicia, e o ingreso deberá facerse na conta indicada no dito Decreto de data 24 de novembro de 2023 da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- COMPARECENCIA EN PROCEDEMENTO ABREVIADO 27/2024-F**

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto o escrito do Concello de Outeiro de Rei polo que se empraza a esta entidade como posible interesada no Procedemento Abreviado 27/2024-F seguido a instancia de D. Christian Varela Conde fronte ó Concello de Outeiro de Rei. Sinala no seu punto cuarto o seguinte:

*"A la vista de lo fundamentado en la Resolución de fecha 5 de febrero de 2024 que consta en el expediente, se solicita la desestimación del recurso por falta de nexo causal al*


| Código Seguro De Verificación | HtJZN+JnkMU8jSUVZW5mnw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 12/03/2024 12:18:58 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 12/03/2024 10:59:48 |
| Observacións | | Páxina | 39/40 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/HtJZN%2BJnkMU8jSUVZW5mnw%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

*ser la vía en la que se causaron los daños de titularidad provincial tal y como se acredita en el atestado de la Guardia Civil, aportado en el expediente, en ningún caso corregido, que ubica exactamente el daño en la carretera provincial LU-P-3906 de Bonxe a Paz, atestado con valor probatorio.*

*Por tanto a la vista de lo anterior se le emplaza para personarse, si lo considera adecuado, por ser interesado en el expediente, como demandado ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo en el plazo de nueve días."*

Visto o anteriormente exposto é polo que se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade, por medio da Asesoría Xurídica, no Procedemento Abreviado 27/2024-F".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos/as señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**